



# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 17/06//2014

Na vila de Vimianzo, ás catorce horas e seis minutos do día dezasete de xuño de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria e urxente convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé  
D. Juan Carlos Amado Sambade  
D. José Manuel Pérez Trillo  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García  
Interventor accidental: D. José D. Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### 1. Ratificar o carácter urxente.

O alcalde afirma que hoxe é un día triste para Vimianzo, polo falecemento do concelleiro D. Ramón Santos Vázquez.

O motivo da convocatoria da sesión con carácter extraordinario e urxente consta na propia convocatoria:

*“Tendo coñecemento do pasamento do concelleiro desta Corporación D. Ramón Santos Vázquez, na tarde de hoxe, por un accidente laboral en Vigo, e posto en contacto telefónicamente cos voceiros dos grupos políticos municipais e co concelleiro non adscrito Sr. Rodríguez Blanco, decidiuse convocar un pleno extraordinario e urxente para transmitir o pésame da Corporación á familia do concelleiro finado e decretar tres días de loito oficial no municipio. Dende que este alcalde tivo coñecemento da triste noticia, as bandeiras da Casa Consistorial ondean a media asta con crespón negro.*”

*A urxencia da convocatoria da sesión ven motivada pola necesidade de manifestar as condolencias da Corporación de xeito inmediato tras o coñecemento da noticia.”*

En cumprimento do disposto nos artigos 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 79 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, ratifica a urxencia de tódolos asuntos incluídos na orde do día da presente sesión.

O alcalde pide un minuto de silencio en memoria do falecido e despois pasarase á declaración institucional.

Gárdase un minuto de silencio.

## **2. Declaración institucional de condolencia polo pasamento do concelleiro D. Ramón Santos Vázquez.**

Gardado o minuto de silencio, o alcalde explica a declaración institucional: di que a primeira proposta é declarar tres días de loito oficial no municipio, dende as 14:00 horas de hoxe ata as 14:00 horas do venres 20 de xuño, durante os cales as bandeiras ondearán a media asta con crespón negro na Casa Consistorial e quedarán suspendidos tódolos actos municipais oficiais, xa teñan carácter institucional ou protocolario, así como a celebración de órganos colexiados municipais.

En segundo lugar, o alcalde propón trasladar o pésame da Corporación municipal polo pasamento do concelleiro D. Ramón Santos Vázquez á súa familia, así como ás súas amizades, honrando a súa memoria neste pleno solemne, na lembranza do seu traballo ao servizo dos veciños no eido asociativo e recentemente como concelleiro desta Corporación.

Enténdese aprobada por asentimento.

Acto seguido, o alcalde dalle a palabra aos concelleiros que queiran facer algunha intervención.

O Sr. Miñones Riveiro di que dende o Partido Socialista queren darlle o máis sentido pésame á familia, e que aínda que estaba casado en Carnés era de Salto, unha persoa humilde e traballadora que procedía dunha familia humilde e traballadora.

O Sr. Amado Sambade di que hoxe é un dos días no que máis traballo lle custa falar. Afirmar que para o Partido Popular perdeuse unha gran persoa, humilde e traballadora. A familia xa non digamos...pero quen perdeu de verdade hoxe foi o pobo de Carnés. Agradece ao alcalde e aos membros da Corporación o apoio prestado.


O Sr. Soto Pérez quere en primeiro lugar trasladar as condolencias á familia. Coñeceu a unha persoa seria e comprometida, integrada no tecido asociativo da súa parroquia. Ofrece o apoio e axuda do seu grupo á súa familia, e ao Partido Popular dille que o teñan sempre como referente.

O Sr. Rodríguez Blanco manifesta, no seu nome e da súa compañeira, o pésame á familia e di que coñeceu a unha persoa fantástica.

O alcalde sinala que ogallá non tiveran que celebrar este pleno, e que o goberno municipal xa se expresou públicamente e a través do acordo corporativo. Da ánimos ao Partido Popular nos momentos difíciles e tamén á súa familia, e di que están a súa disposición para calquera cousa. Afirmar que é unha perda para o concello porque era unha persoa comprometida cos veciños, coa súa parroquia, coa Faguía... Sinala que é o momento de antepoñer ás persoas e está orgulloso da actuación da Corporación municipal neste caso.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o dezasete de xuño de dous mil catorce.

Ø ALCALDE



A SECRETARIA

